

ACORDO DE FUNCIONARIZACION DO PERSOAL LABORAL FIXO DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS DA UNIVERSIDADE DE VIGO

Entre os principios establecidos nos Estatutos da Universidade de Vigo (Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro – DOG n° 38 do 22 de febreiro), relacionados no artigo 2, encádrase a necesidade de *“Configurar unha organización baseada na participación e na responsabilidade dos seus membros respecto do servizo público que debe prestar, orientada cara á cultura da calidade, do desenvolvemento persoal, da avaliación e do rendemento de contas.”*

Uns dos piares primordiais do servizo público a prestar pola Universidade aséntase no persoal de administración e servizos (PAS). A estrutura de PAS actual, con diferentes réximes xurídicos, orixina problemas de aplicación, interpretación e de xestión do colectivo, polo que se debe asumir a necesidade estratéxica da institución de unificar a estrutura e o réxime xurídico do colectivo, na procura dun deseño organizativo máis homoxéneo e coherente que redunde na mellora da prestación de servizos e na planificación de futuro do persoal.

O alicerce desta nova estrutura organizativa susténtase no impulso dun proceso de funcionarización do PAS laboral, que cimente a estabilidade do persoal e as súas posibilidades de carreira profesional, revertendo nunha organización máis áxil e flexible.

MARCO LEGAL

O Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro (BOE n° 261 do 31 de outubro), polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP), establece na disposición transitoria segunda as previsións necesarias para facer posible a funcionarización do persoal laboral fixo que realiza funcións ou desempeña posto de traballo de persoal funcionario.

- En semellantes termos se manifesta a Lei 2/2015, do 29 de abril (DOG n° 82 do 4 de maio), de emprego público de Galicia (LEPG), na disposición transitoria primeira. Por outro lado, no artigo 22, relativo ás funcións e postos de traballo reservados ao persoal funcionario, no seu epígrafe 3 determina: *“Os demais postos de traballo nas administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei serán desempeñados con carácter xeral por persoal funcionario, sen prexuízo do disposto pola alínea terceira do artigo 26”*

En canto á normativa interna da Universidade, partimos da natureza do PAS establecida no artigo 90 dos Estatutos, delimitando ao persoal de administración e servizos (PAS), como un colectivo único, sen distinción manifesta entre PAS laboral e funcionario, ao que lle corresponde participar e colaborar no desenvolvemento da actividade universitaria, asumindo

o apoio, a asistencia e a xestión técnica, económica e administrativa das distintas áreas nas que se estrutura a administración universitaria.

Outro chanzo témolo no vixente Regulamento do PAS da Universidade de Vigo, onde se concreta que a política de PAS procurará avanzar cara unha estrutura ocupacional máis axeitada coas necesidades de cada área ou sector da administración universitaria, respondendo ás expectativas profesionais do persoal e incrementando as súas oportunidades de promoción.

Na esfera concernente directamente ao PAS laboral, xa no II Convenio colectivo do PAS laboral se fomenta, desde a disposición transitoria terceira, o impulso do estudo de viabilidade do proceso de funcionarización do PAS laboral.

Neste escenario, a universidade pretende homoxeneizar nun modelo único de función pública a todo o persoal de administración e servizos que, ademais de simplificar a súa xestión, redundará nunha mellora na coordinación entre os diferentes eixos que conforman a estrutura administrativa, significando un lóxico incremento da eficacia no cumprimento dos fins e funcións que debe desenvolver este persoal na institución.

Enténdese que un proceso de funcionarización favorece non só á institución senón de xeito máis destacado, ao propio persoal laboral que ao adaptarse á estruturación funcional ve incrementadas as súas posibilidades de promoción e carreira profesional.

Polo exposto, logo das negociacións mantidas na comisión tripartita de funcionarización, conformada por representantes da xerencia, dos comités de empresa de Ourense e Pontevedra e da Xunta de Persoal do PAS funcionario, adoptouse este Acordo para iniciar un proceso global de funcionarización do PAS laboral fixo, de conformidade coas seguintes bases.

CAPÍTULO I. Normas xerais

Artigo 1.- Obxecto.

A finalidade do presente acordo é establecer o procedemento que posibilita ao persoal laboral fixo, que reúna os requisitos legais para o ingreso na escala, subescala ou especialidade e que ocupe postos que pasen a clasificarse de persoal funcionario na relación de postos de traballo, a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira.

Artigo 2.- Ámbito de aplicación.

1. Poderá participar de forma voluntaria o PAS laboral fixo da Universidade de Vigo, suxeito ao II Convenio colectivo que estea prestando servizos nos postos de traballo de PAS laboral

que pasen a catalogarse na RPT como de persoal funcionario de carreira e reúna os requisitos legais para o ingreso na correspondente escala ou subescala equivalente do persoal funcionario. Así mesmo tamén poderá participar nas probas que se convoquen o persoal laboral fixo que se atope en situación administrativa distinta á de servizo activo, agás os que se atopen en situación de suspensión de funcións.

2. As persoas aspirantes deberán posuír todos os requisitos que resulten esixibles na data de expiración do prazo de presentación de solicitudes para a participación no correspondente proceso selectivo.
3. O feito de reunir todos os requisitos requiridos non xera dereito ningún á adquisición da condición de persoal funcionario de carreira, sendo o único sistema válido para obter tal vinculación xurídica a superación do proceso selectivo convocado para o efecto.
4. Quedan excluídos do proceso os postos na situación de "A extinguir" da actual relación de postos de traballo (RPT) do PAS laboral, resolución do 8 de xuño de 2021 (DOG nº 113 do 16 de xuño).

Artigo 3.- Integración de grupos.

1. O acceso á condición de persoal funcionario realizarse de acordo coa correspondencia dos grupos de clasificación e categorías nos que se encadraban os postos de traballo no réxime laboral e as escalas e subescalas que constitúen a nova estrutura administrativa da Universidade de Vigo.
2. Cada un dos actuais grupos laborais integrárase no seu correlativo grupo ou subgrupo funcional de conformidade coas titulacións que se esixen para o ingreso nos grupos de persoal funcionario no Estatuto Básico do Empregado Público. A correlación de grupos será a seguinte:

Grupo PAS laboral	Grupo/subgrupo PAS funcionario
I	A1
II	A2
III	C1
IV	C2

3. A determinación do nivel de complemento de destino e do complemento específico realízase con criterios de homologación, tomando en consideración os intervalos de niveis fixados na vixente RPT do PAS funcionario e os establecidos polas normas xerais de función pública, e de adaptación dos complementos económicos actuais do PAS laboral á estrutura retributiva do persoal funcionario.

Artigo 4.- Creación de escalas e subescalas.

Os postos de traballo da actual RPT de PAS laboral catalogaranse como postos de persoal funcionario. Para estes efectos, por acordo do Consello de Goberno, crearanse no ámbito de administración da Universidade de Vigo as escalas e subescalas especificadas no Anexo I.

A clasificación como postos de persoal funcionario realizarase na escala ou subescala establecida como equivalente no anexo II, onde se determina a integración das categorías de PAS laboral nas escalas e subescalas de PAS funcionario.

Artigo 5.- Transformación das listas de agarda de contratación temporal.

A totalidade das actuais listas de agarda para a provisión temporal das necesidades que se produzan nas diferentes categorías de PAS laboral transformaranse, a partir da publicación da nova RPT onde se cataloguen como postos de PAS funcionario, en listas de agarda das diferentes escalas e subescalas do PAS funcionario da Universidade de Vigo.

Nas listas transformadas respectarase en todo caso o mesmo número de posto e antigüidade que se posúa como persoal laboral temporal na categoría correspondente.

Artigo 6.- Postos de PAS laboral incluídos nas ofertas de emprego público (OEP).

Como consecuencia do acordo de funcionarización, aqueles postos de PAS laboral incluídos en ofertas de emprego público (OPE) vixentes, que non foron obxecto da correspondente convocatoria de selección para o ingreso, serán convocados como prazas de PAS funcionario da escala ou subescala que corresponda, cos requisitos establecidos na normativa aplicable ao persoal funcionario de carreira. Non obstante, namentres non se negocien novos procedementos co órgano de representación do PAS, acórdase manter a estrutura negociada cos órganos de representación do PAS laboral no concernente aos procesos selectivos de concurso-oposición.

CAPÍTULO II. Proceso xeral de funcionarización.

Artigo 7. Aspectos comúns.

1. Os procesos selectivos establecidos que posibiliten a funcionarización rexeranse, con carácter xeral, pola normativa aplicable para a selección de persoal funcionario de carreira, así como polo disposto neste acordo.



2. As convocatorias das probas de funcionarización impulsaranse de oficio, e poderán concorrer ás mesmas, unicamente as persoas que teñan a condición de persoal laboral fixo ao servizo da Universidade de Vigo na data da convocatoria.
3. Nas convocatorias dos procesos de funcionarización incluírase un anexo no que se identificarán os postos de persoal laboral fixo obxecto da convocatoria. Así mesmo, a prol dos principios de eficiencia e celeridade poderán acumularse nunha única convocatoria varios procedementos de funcionarización correspondentes a distintas escalas ou subescalas.
En todo caso, garantirase un mínimo de dúas convocatorias para todo o persoal laboral fixo que opte a funcionarizarse.

Artigo 8.- Sistemas selectivos.

A. Proceso xeral.

O sistema de selección consistirá na superación dun concurso-oposición, de conformidade co establecido na disposición transitoria primeira da LEPG. O número de temas que integren o correspondente programa da fase de oposición será de catorce para as escalas e subescalas adscritas ao grupo A1, once para as adscritas ao grupo A2, sete para adscritas ao grupo C1 e catro temas para as adscritas ao grupo C2.

1. Fase de concurso de méritos: Non terá carácter eliminatorio. A Universidade publicará a avaliación dos méritos antes de realizar a fase de oposición. Serán obxecto de valoración:
 - a. Antigüidade: os servizos prestados serán valorados consonte se establece no anexo III do II Convenio colectivo do PAS laboral da Universidade de Vigo.
Computaranse os servizos recoñecidos polo órgano competente de conformidade co establecido na Lei 70/1978, do 26 de decembro, de recoñecemento de servizos prestados na Administración pública.
 - b. Nomeamento na categoría de acceso á condición de persoal laboral fixo. 2 puntos.
2. Fase de oposición: Consistirá na superación dunha proba de tipo test, de carácter eliminatorio, con catro respostas alternativas, das que só unha delas será correcta; todas as preguntas terán a mesma puntuación e non puntuarán negativamente as respostas incorrectas.
As preguntas do cuestionario serán seleccionadas entre unha batería de preguntas, que será previamente publicada na web da Universidade de Vigo.
Para o desenvolvemento desta proba poderán servirse de textos legais sen comentarios.

3. Temarios. Aos efectos de asegurar que o persoal laboral que accede á categoría de persoal funcionario de carreira coñeza o marco legal e os procedementos básicos polos que se vai rexer a súa relación profesional coa administración universitaria, así como os contidos

fundamentais das principais áreas de actuación do persoal funcionario ao servizo da Universidade de Vigo, propónse estruturar os temarios en tres bloques comúns para todos os grupos do persoal laboral.

- a. Área temática: organización universitaria.
- b. Área temática: función pública.
- c. Área temática: procedemento administrativo

No anexo VI relaciónanse os temarios correspondentes a cada grupo de titulación.

O contido da cada unha das convocatorias será obxecto de negociación coas organizacións asinantes do presente acordo.

B. Proceso específico. Disposición adicional 9ª II Convenio colectivo do PAS laboral.

1. A Universidade de Vigo realizará un proceso específico de funcionarización que permita, sempre que cumpran os requisitos de titulación establecidos no EBEP e na LEPG, promocionar do grupo III ao subgrupo A2 de PAS funcionario ao persoal laboral fixo das categorías de técnico/a especialista de tecnoloxías da información e comunicacións e de técnico/a especialista de laboratorio, de conformidade co previsto na disposición adicional novena do II Convenio colectivo. No anexo VII especificanse o temario e as categorías afectadas por este procedemento específico.
2. O persoal laboral fixo que non conte coa titulación esixida para acceder ao subgrupo A2 pero posúa a titulación requirida para acceder ao grupo II de PAS laboral, nos termos establecidos no artigo 13 do II Convenio colectivo, poderá participar neste proceso específico. De superalo, quedará integrado no subgrupo C1 e percibirá un complemento persoal cuxa contía será a diferenza coa retribución do subgrupo A2.
3. Só poderá participar neste proceso específico o PAS laboral fixo que opte pola funcionarización. Para os efectos de cumprir os requisitos para a promoción interna dispostos no artigo 80 da LEPG, computaranse os servizos prestados como PAS laboral na categoría desde a que se accede á promoción.

Artigo 9.- Efectos do proceso de funcionarización.

1. Persoal laboral que supere os procesos de funcionarización.
 - a. O persoal laboral fixo que supere o proceso de funcionarización poderá adquirir a condición de persoal funcionario de carreira, de acordo cos requisitos e o procedemento establecido pola normativa xeral de aplicación, coas peculiaridades previstas neste acordo.

- b. No prazo de presentación polas persoas aspirantes da documentación acreditativa de que reúnen os requisitos esixidos para o nomeamento como persoal funcionario de carreira, e de conformidade co texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado mediante Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro (BOE nº 255 do 24 de outubro), subscribirase un acordo de extinción do contrato de traballo condicionado á toma de posesión como funcionario de carreira, despois da cal quedará extinguida a súa vinculación laboral coa Universidade de Vigo.
- c. O devandito persoal conservará as excedencias concedidas noutras categorías laborais antes da adquisición da súa condición de persoal funcionario de carreira.

2. Efectos da toma de posesión.

- a. A toma de posesión como persoal funcionario de carreira efectuarase con carácter definitivo no mesmo posto que se viñese ocupando con este carácter como persoal laboral fixo na data que se sinale para o efecto na resolución pola que se acorde o nomeamento. Desde a toma de posesión como persoal funcionario de carreira seralle de aplicación a todos os efectos, a normativa sobre o persoal funcionario aplicable na Universidade de Vigo, iniciando a consolidación do grao de conformidade coa normativa xeral.
No caso de estar ocupando o posto con carácter provisional por reingreso, tomará posesión con este carácter como persoal funcionario de carreira.
- b. O persoal laboral fixo que acceda á condición de persoal funcionario desde situación distinta á de servizo activo manterase nesa situación administrativa ou na que lle corresponda como persoal funcionario.

Artigo 10. Réxime retributivo.

- 1. O persoal laboral fixo que supere o correspondente proceso de funcionarización, a partir da toma de posesión como persoal funcionario de carreira, pasará a percibir todas as súas retribucións conforme ao sistema, conceptos e contías establecidos con carácter xeral para o persoal funcionario de carreira da Universidade de Vigo.
- 2. De conformidade cos acordos entre a Xerencia e a Xunta de PAS funcionario do 28 de decembro de 2004 e do 24 de maio de 2007 e tendo en conta a Orde da Consellería de Facenda e Administración Pública do 8 de febreiro de 2021 (DOG nº 30 do 15 de febreiro) pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica para o ano 2021, en virtude do criterio de homologación

disposto no último parágrafo do artigo 3 deste acordo, establécense os seguintes importes correspondentes aos complementos específicos (CE) aplicables ao persoal funcionario de administración e servizos da Universidade de Vigo:

COMPLEMENTO ESPECÍFICO UNIVERSIDADE DE VIGO		
Nivel de complemento específico	Contía mensual	Contía anual
30	1.644,73	23.026,22
29	1.447,35	20.262,90
28	1.447,35	20.262,90
27 A	1.249,95	17.499,30
27 B	1.142,24	15.991,36
26	1.086,44	15.210,16
25	1.030,64	14.428,96
24	921,00	12.894,00
23	833,24	11.665,36
22 A	756,49	10.590,86
22 B	679,72	9.516,08
21	617,41	8.643,74
20	555,10	7.771,40
19	529,67	7.415,38
18	504,28	7.059,92
17	496,78	6.954,92
16	489,30	6.850,20
15	478,34	6.696,76
14	467,35	6.542,90

No anexo III reflíctense os complementos específicos (CE) aplicables ao persoal funcionario de administración e servizos da Universidade de Vigo, indicando as variacións que afectan a persoal da RPT actual de PAS funcionario. No anexo IV sinálanse as contías do CE dos postos de dirección e responsabilidade.

- Consonte ao estipulado no EBEP e na LEPG, os complementos específicos reflectidos no punto 2 daqueles postos así definidos na relación de postos de traballo ou neste acordo para a súa inclusión na nova RPT, serán incrementados nas contías establecidas para retribuír as singularidades plasmadas no seguinte cadro

Singularidade do posto	Contía anual
Pola prestación efectiva e regular de servizos en réxime de xornada partida	3.256,80 €

Pola prestación efectiva e regular de servizos en réxime de dispoñibilidade horaria	3.256,80 €
Pola prestación efectiva de servizos no réxime de especial dedicación horaria (Permanencia)	5.731,68 €

4. Ao persoal laboral fixo que, a consecuencia do proceso de funcionarización, adquira a condición de persoal funcionario de carreira e se manteña no mesmo posto de traballo obxecto de funcionarización garántenselle as retribucións brutas anuais fixas na súa contía e periódicas na súa devindicación, que estaba a percibir como laboral fixo se estas fosen superiores ás que lle correspondan como funcionario mentres permaneza nese destino. No anexo V reflíctense as retribucións do PAS laboral correspondentes ao ano 2021 e as resultantes do proceso de funcionarización.

No caso de que as retribucións brutas anuais que correspondan como persoal funcionario de carreira sexan inferiores ás percibidas como persoal laboral fixo, a diferenza farase efectiva mensualmente nas pagas ordinarias, mediante a aplicación dun complemento persoal de funcionarización (CPF).

Este complemento non será nin compensable nin absorbible, agás que se incrementen as retribucións complementarias deste persoal por algunha causa que non derive dos incrementos anuais que, con carácter xeral, establezan as correspondentes leis de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Este complemento non se percibirá no caso de obter un posto con carácter provisional ou definitivo que teña asignadas retribucións de importe superior; no primeiro suposto, recuperarase ao reincorporarse ao posto que o orixinou.

5. Garántese ao persoal funcionarizado a percepción dos trienios perfeccionados como persoal laboral na mesma contía total, en computo anual, que viñan percibindo. Os períodos de tempo traballados como persoal laboral que no cheguen a completar un trienio serán considerados e computados aos efectos de completalo coma persoal funcionario.

Artigo 11. Persoal laboral que non supere ou non participe no proceso de funcionarización.

1. O persoal laboral fixo que non supere o proceso, así como o que voluntariamente optase por non participar nel, continuará desempeñando o mesmo posto de traballo na situación xurídica propia do contrato de traballo que desempeñe ou no que teña reservado, cando reingrese, mantendo o seu réxime xurídico laboral na condición de "a extinguir" no posto clasificado como PAS funcionario na RPT e manterá as retribucións correspondentes ao posto de traballo antes da súa adscrición a posto de persoal funcionario, non podendo participar en procesos de provisión ou promoción de persoal funcionario.

2. Unha vez finalizado o proceso de funcionarización, a Comisión de Seguimento prevista no Artigo 12.3 deste Acordo revisará a situación deste PAS Laboral non funcionarizado e estudará as posibles medidas que se estimen oportunas dependendo das distintas circunstancias.

Artigo 12.- Comisión de funcionarización.

1. Constituírase unha única comisión de funcionarización para o desenvolvemento do proceso de funcionarización, integrado por cinco persoas, todas elas coa condición de persoal funcionario de carreira que, de conformidade co artigo 59 da LEPG, deben pertencer a un corpo ou escala do subgrupo A1, unha designada pola Xunta do PAS funcionario, unha polos Comités de Empresa do PAS laboral e tres pola Xerencia. Designaranse seguindo principios de imparcialidade, profesionalidade e paridade. A pertenza ao órgano de selección será a título individual, sen poder ostentala en representación nin por conta de ninguén. A composición da comisión de funcionarización adecuarase ao criterio de paridade entre homes e mulleres.
2. Corresponde á comisión de funcionarización:
 - a) A execución dos procesos de funcionarización de todas as categorías profesionais que se convoquen.
 - b) Realizar a proposta de nomeamento como persoal funcionario de carreira daquel persoal que supere o correspondente proceso de funcionarización.
3. Para supervisar o proceso de funcionarización, no seu conxunto, constituírase un subcomisión integrada por dous representantes designados pola Xerencia, e dous representantes designados pola parte social da comisión tripartita negociadora do proceso de funcionarización.

Artigo 13.- Valoración dos servizos prestados en caso de concurso ou promoción interna.

O tempo de servizos prestados como persoal laboral en categorías que se vaian funcionarizar e os desempeñados como persoal funcionario nos grupos, escalas ou subescalas terán a mesma valoración e así se establecerá nas bases das convocatorias dos concursos e promocións internas.

Ao persoal laboral funcionarizado computaráselle o tempo de servizos prestados no posto de PAS laboral para os efectos do cómputo dos dous anos de permanencia esixidos para participar nos concursos de traslados e na promoción interna.

Artigo 14.- Valoración dos servizos nos procesos selectivos.

1. O tempo de servizos prestados como persoal laboral contratado e os desempeñados na escala e subescala correspondente como persoal funcionario interino terán a mesma

valoración e así se establecerá nas bases das convocatorias dos concursos-oposición convocadas.

2. Nos procesos selectivos a valoración das condicións de formación, méritos ou niveis de experiencia adecuarase ao establecido no artigo 56 da LEPG.

Artigo 15.- Aplicación normativa

Manterase a vixencia do acordo do 24 de maio de 2007 entre a Xerencia e a Xunta de Persoal, aprobado en Consello de Goberno na sesión ordinaria do 28 de xuño, para a aplicación de determinadas cláusulas do II Convenio colectivo ao PAS funcionario, sempre que non fosen melloradas pola normativa xeral aplicable e non se opoñan ao establecido neste acordo, ata a negociación entre a Xerencia e a nova Xunta de Persoal, e sinatura dun acordo marco sobre o persoal de administración e servizos da Universidade de Vigo.

Así mesmo, ata a sinatura do acordo marco, para o persoal laboral funcionarizado, aplicaráselle de xeito directo o establecido no artigo 42 do II convenio, sobre roupa de traballo e vestiario.

Disposición transitoria primeira.- Relación de postos de traballo.

Namentres non se negocie e acorde entre a Xerencia e a Xunta de Persoal unha nova relación de postos de traballo, no proceso de funcionarización incorporaranse, previa negociación e acordo, a totalidade dos postos da RPT laboral á RPT de PAS funcionario que incluírá, como mínimo por cada posto os datos estipulados no artigo 38 da LEPG. Na clasificación profesional, cada posto estará, de ser o caso, adscrito a dous grupos ou subgrupos de titulación.

Disposición transitoria segunda.- Gratificacións extraordinarias

Entrementres non se asine un acordo marco sobre o persoal de administración e servizos da Universidade de Vigo, ao persoal laboral que se funcionarice seralle de aplicación o establecido nos artigos 23.5 e 31 do II Convenio colectivo tendo a consideración de gratificacións extraordinarias as compensación económicas que perciban, de acordo co artigo 137 da LEPG.

Disposición transitoria terceira. Cambios de quenda e localidade.

Namentres non se asine un acordo marco sobre o persoal de administración e servizos da Universidade de Vigo, ou se inclúa ao persoal funcionarizado no acordo de comisións de servizo do 10 de decembro de 2020, seguirán xestionándose os cambios de quenda e localidade de conformidade co artigo 20 do II Convenio Colectivo do PAS laboral.

ANEXO I

ESCALAS E SUBESCALAS DE ADMINISTRACIÓN DA UNIVERSIDADE DE VIGO

ÁREA	ESCALA	GRUPO
Administración	Técnica de xestión	A1
	Xestión	A2
	Técnica administrativa	C1
	Auxiliar administrativa	C2
Letrados	Letrados	A1
Biblioteca	Facultativa de arquivos, bibliotecas e museos	A1
	Axudante de arquivos, bibliotecas e museos	A2
	Técnica especialista de bibliotecas	C1
Informática e comunicacións	Técnica superior de tecnoloxías da información e comunicacións	A1
	Técnica media de tecnoloxías da información e comunicacións	A2
	Técnica especialista de tecnoloxías da información e comunicacións	C1
Apoio á docencia e investigación	Técnica superior de apoio á docencia e á investigación	A1
	Técnica media de apoio á docencia e á investigación	A2
	Técnica especialista de apoio á docencia e á investigación	C1
Servizos xerais	Técnica superior de servizos xerais	A1
	Técnica media de servizos xerais	A2
	Técnica especialista de servizos xerais	C1
	Auxiliar técnica de servizos xerais	C2

ESCALA	SUBESCALA	GRUPO
Técnica de xestión	Administración	A1
Xestión	Administración	A2
Técnica administrativa	Administración	C1
Auxiliar administrativa	Administración	C2

ESCALA	SUBESCALA	GRUPO
Facultativa de arquivos, bibliotecas e museos	Biblioteca	A1
Axudante de arquivos, bibliotecas e museos	Biblioteca	A2
Técnica especialista de bibliotecas	Biblioteca	C1

ESCALA	SUBESCALA	GRUPO
Técnica superior de tecnoloxías da información e comunicacións	Informática	A1
Técnica media de tecnoloxías da información e comunicacións	Informática	A2
Técnica especialista de tecnoloxías da información e comunicacións	Informática	C1

ESCALA	SUBESCALA	GRUPO
Técnica superior de apoio á docencia e investigación	Análise instrumental	A1
	Teledetección	A1
	Determinación estrutural e proteómica	A1
	Xenómica	A1
	Microscopía electrónica	A1
	Análise superficies	A1
	Veterinaria	A1
	Actividades do medio mariño	A1
	Calidade ambiental e histoloxía	A1
	Cultivos mariños	A1
	Biotecnoloxía	A1
	Relacións internacionais	A1
	I+D	A1
	Calidade	A1
	Teledocencia	A1


ESCALA	SUBESCALA	GRUPO
Técnica media de apoio á docencia e á investigación	Actividades aeroespaciais	A2
	Análise instrumental	A2
	Microscopía electrónica	A2
	Electrónica e instrumentación científica e de calibración	A2
	Máquinas e ferramentas	A2
	Delineación e deseño asistido por ordenador	A2
	Bioloxía	A2
	Física	A2
	Química	A2
	Nefelometría e susceptibilidade magnética	A2
	Automatización industrial	A2
	Electrónica	A2
	Mecánica	A2
	Mecanizado de alto baleiro de P.C.O.	A2
	Análise dos alimentos	A2
	Capataz forestal	A2
	Medios audiovisuais	A2
	Obradoiro de belas artes	A2

ESCALA	SUBESCALA	GRUPO
Técnica especialista de apoio á docencia e á investigación	Análise instrumental	C1
	Microscopía electrónica	C1
	Electrónica e instrumentación científica e de calibración	C1
	Máquinas e ferramentas	C1
	Animalario	C1
	Actividades do medio mariño	C1
	Calidade ambiental e histoloxía	C1
	Cultivos mariños	C1
	Delineación e deseño asistido por ordenador	C1
	Bioloxía	C1
	Física	C1
	Química	C1
	Nefelometría e susceptibilidade magnética	C1
	Automatización industrial	C1
	Electrónica	C1
	Mecánica	C1
	Mecanizado de alto baleiro de P.C.O.	C1
	Análise dos alimentos	C1
	Capataz forestal	C1
	Medios audiovisuais	C1
	Obradoiro de belas artes	C1
	Obradoiro de técnicas escultóricas e pictóricas	C1
	Técnica de artes gráficas	C1

ESCALA	SUBESCALA	GRUPO
Técnica superior de servizos xerais	Igualdade	A1
	Innovación educativa	A1
	Normalización lingüística	A1
	Relacións institucionais	A1
	Actividades culturais	A1
	Deportes	A1
	Riscos laborais	A1
	Orientación e promoción do emprego e o emprendemento	A1
	Xestión ambiental	A1
ESCALA	SUBESCALA	GRUPO
Técnica media de servizos xerais	Innovación educativa	A2
	Actividades culturais	A2
	Riscos laborais	A2

ESCALA	SUBESCALA	GRUPO
Técnica especialista de servizos xerais	Conserxería	C1
	Deportes	C1
	Condutor	C1
	Xardinería e zonas verdes	C1

ESCALA	SUBESCALA	GRUPO
Auxiliar técnica de servizos xerais	Conserxería	C2
	Deportes	C2
	Información telefónica	C2



Four handwritten signatures in blue ink are visible. The first signature on the left is a stylized, somewhat abstract scribble. The second signature is more legible, appearing to be 'Auri'. The third signature is a complex, overlapping scribble. The fourth signature is a large, circular scribble with a horizontal line extending to the right.

ANEXO II

INTEGRACIÓN EN ESCALAS FUNCIONARIAS DAS CATEGORÍAS PROFESIONAIS DO PERSOAL LABORAL

PERSOAL LABORAL		PERSOAL FUNCIONARIO			
CATEGORÍA / DENOMINACIÓN PAS LABORAL	GR	ESCALA	SUBESCALA	SG	CD
GRUPO I		SUBGRUPO A1			
T.S. de igualdade	I	Técnica superior de servizos xerais	Igualdade	A1	23
T.S. de innovación educativa	I	Técnica superior de servizos xerais	Innovación educativa	A1	23
T.S. de normalización lingüística	I	Técnica superior de servizos xerais	Normalización lingüística	A1	23
T.S. de relacións institucionais	I	Técnica superior de servizos xerais	Relacións institucionais	A1	23
T.S. de análise instrumental	I	Técnica superior de apoio á docencia e investigación	Análise instrumental	A1	23
T.S. de teledetección	I	Técnica superior de apoio á docencia e investigación	Teledetección	A1	23
T.S. de determinación estrutural e proteómica	I	Técnica superior de apoio á docencia e investigación	Determinación estrutural e proteómica	A1	23
T.S. de xenómica	I	Técnica superior de apoio á docencia e investigación	Xenómica	A1	23
T.S. de microscopía electrónica	I	Técnica superior de apoio á docencia e investigación	Microscopía electrónica	A1	23
T.S. de análise de superficies	I	Técnica superior de apoio á docencia e investigación	Análise superficies	A1	23
Veterinario/a	I	Técnica superior de apoio á docencia e investigación	Veterinaria	A1	23
T.S. de actividades do medio mariño	I	Técnica superior de apoio á docencia e investigación	Actividades do medio mariño	A1	23
T.S. de calidade ambiental e histoloxía	I	Técnica superior de apoio á docencia e investigación	Calidade ambiental e histoloxía	A1	23
